

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

Marta Negro Romero (2018): “*Nocello, noelo, tornecelo...* Variación léxica e mudanza no galego contemporáneo”. *XII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Novos horizontes para unha Galicia global: redes, territorio e memoria*. Madrid, 10-15 de setembro de 2018.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

XII Congreso da AIEG

Novos horizontes para unha Galicia global

Nocello, noelo, tornecelo...
Variación léxica e mudanza
no galego contemporáneo

Marta Negro Romero

marta.negro@usc.es

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela



O léxico do corpo humano nos atlas lingüísticos

- *Las partes del cuerpo humano son una parte fundamental en la comunicación, situación y relación del ser humano con su entorno y con los demás seres humanos (Juliá, 2007: 104).*
- Na maioría dos atlas lingüísticos epígrafe sobre o corpo humano.
- Para o territorio galego contamos con:
 - *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI) (1934)*
 - *Atlas Lingüístico Galego (ALGa) (1974)*

O noso obxecto de estudo

Variantes existentes no ALPI (603a) e no ALGa (2175) para 'parte do corpo onde a perna se articula co pé'.


- Denominacións derivadas de *nó*: *noelo*, *noello*, *nuelo*.
- Denominacións derivadas de *noz*: *noz*, *nacelo*, *nocelo*, *nocello*.
- Denominacións relacionadas con *articulación*: *artello*, *ortello*, *ortelle*.
- Denominacións procedentes do cruzamento de dúas variantes: *nartello*, *nortello*.
- Denominacións derivadas de *touzo*: *tocelo*, *toucelo*.
- Denominacións derivadas de *TUBELLUM: *tobillo*, *todillo* (?), *tubillo*, *tudillo* (?), *turillo*.
- Denominacións procedentes de TORNUS ou da raíz TURM-: *tornecelo*, *tornocelo*.

Análise dos datos

A análise das distintas designacións realizarémola desde dúas perspectivas:

- Estudo da distribución xeográfica, que nos permitirá analizar procesos de cambio.
- Estudo das motivacións semánticas que dan lugar aos distintos conceptos.

Distribución xeográfica ALGa



noelo

nocello

artello

nortello

tocelo

tornecelo


todillo

cotobelo

nobelo



ALPI



ALGa

Variantes	ALPI			ALGa		
	R. única	2ª r.	Total	R. única	2ª r.	Total
<i>noelo</i>	8	2	10	4	2	6
<i>nocello</i>	5	1	6	0	2	2
<i>artello</i>	7	1	8	6	2	8
<i>nortello</i>	6	0	6	5	1	6
<i>tobillo</i>	11	4	15	20	9	29
<i>tocelo, toucelo</i>	3	0	3	1	0	1
<i>tornecelo</i>	8	0	8	5	1	6
<i>nobelo</i>	0	0	0	1	0	1
<i>cotobelo</i>	0	0	0	1	0	1

Análise semántica

Nei riguardi del problema della arbitrarietà del segno, possiamo anche osservare che arbitraria è solo la relazione fra *campione* e *segno*, mentre quella fra *campione* e *referente* è, per definizione, motivata. Di conseguenza, qualunque significato è contemporaneamente arbitrario e motivato, a causa della duplice struttura immanente al significato, e per ragioni del tutto indipendenti dalla “opacità” o “trasparenza” del *segno* (Alinei, 1984: 19).

a) Denominacións derivadas de *nó*: *noelo, noello, nuelo*

- NŌDUS
- Metáfora: ao igual que un nó, punto de unión entre dous ósos e forma avultada.
- No ALGa algunhas notas recollen a distinción entre *noelo* (“o óso”, “no tobillo”) e *tobillo* => METONIMIA ESPACIAL
- Lexicografía:
 - Noelo*: Carré Alvarelos (1951), ‘deformación’
 - Nuelo*: Aníbal Otero (1953), ‘nocello’

b) Denominacións derivadas de *noz*: *noz*, *nacelo*, *nocelo*, *nocello*

- Coromines: *noelo* + *tornecelo*. Datos xeolingüísticos contradín esta teoría.
- NUCE + -elo
- *NUCELLU
- Metáfora: forma avultada.
- Lexicografía:
 - Nocello* ‘no pé’: Carré Alvarelos (1928-1931).
 - Nocelo* ‘coteno’: Carré Alvarelos (1928-1931). Ata diccionario Eladio Rodríguez (1958-1961) non aparece como unión do pé coa perna.

c) Denominacións derivadas de *articulación*: *artello, ortello, ortelle*

- Coromines: ARTÍCŪLUS ‘articulación’.
- Lexicografía: xa desde o dicionario de Francisco Javier Rodríguez ‘nó da articulación de mans e pés’. Algúns autores posteriores indican só que é a articulación dos pés.

d) Denominacións procedentes do cruzamento de dúas variantes: *nartello*, *nortello*


- Coromines: ARTĪCŪLUS + influencia palabra celta *ordiga* ‘dedos dos pés’. Non explica o *n-* (“aglutinación da do artigo indefinido”).
- Xosé Afonso Álvarez: *nocello* + *artello*. E *noelo* + *artello*?

Coromines: “é certo que parece haber un *nocello*, pero é voz mal documentada”.

- Lexicografía: Francisco Javier Rodríguez (1854).

e) Denominacións derivadas de *touzo*: *tocelo*, *toucelo*


- Tocelo e toucelo nin nas obras lexicográficas recollidas no DdD nin no TILG.
- A nosa proposta: de *touzo* por proceso metafórico.
DRAG: 'Parte inferior do eixe do rodicio do muíño onde encaixa o veo.'



“O rodicio estaba suxeito por unha grosa viga de madeira (**touzo**) que enganhaba co fino "**beo**" e esta á súa vez coa "**moa**" a cal viraba sobre o "**pé**" para moer.”

f) Denominacións derivadas de *TUBELLUM: *tobillo, todillo* (?), *tubillo, tudillo* (?), *turillo*

- Coromines: do latín vulgar *TUBELLUM, diminutivo de tuber 'vulto', 'nó'; aplicado primeiramente ao óso do pé. => METÁFORA E METONIMIA ESPACIAL
- *Todillo e tudillo de *TUBELLUM?*:
 - No ALPI só *todillo, tudillo*.
 - TLPGP: 16 *tudillo* e 4 *tobillo*.
 - No DdD: *todillo* en Marcial Valladares (1896-1902), *tudillo* en Filgueira Valverde (1926) // *tobillo* e *tubillo* no glosario de C. García (1985).
 - TILG: *tudillo* no Tío Marcos da Portela (1917).
 - No leonés formas con terminacións patrimoniais: *todietzu, todielo...*
 - -NTLLE: *todillo* o *tovillo* en Vittori (1609).

- 
- Dous étimos diferentes para todillo e tobillo?
 - Analoxía xa no propio latín?
 - A variante tobillo pode non ser a máis próxima da etimolóxica

g) Denominacións procedentes de TORNUS ou da raíz TURM-: *tornecelo*, *tornocelo*

- Houaiss de TORNO.
- Coromines fala dun antigo radical TURM- .
- “Son exemplos de palabras patrimoniais procedentes de formas latinas con -CELLU, coa consoante en posición intervocálica, port. *armazelo* ~ *armuzelo*, gal. *amocelo* < lat.HAMUCELLUS ← HAMUS, -I; e posiblemente port. *tornozelo*, gal. *tornecelo*, tanto se proceden do diminutivo de TORNUS coma se o fan dun TURM- proposto por Coromines (s. v. *tobillo*)”. (Álvarez 2016:108)
- Metáfora.
- Lexicografía: no DdD máis rexistros de *tornocelo* (1927) que de *tornecelo* (1972).

Conclusións

- Diversas denominacións para o mesmo concepto.

Parece que as partes do corpo que presentan un maior grao de variación designativa son as menos prototípicas.
(Juliá 2013: 23)

- Distribución das variantes en áreas complementarias. Avance de *todillo*, *tobillo* en detrimento doutras formas como *noelo* e *nocello*.
- A distribución dalgunhas das formas abre novas vías etimolóxicas ou contradí outras.
- Metáfora principal recurso semántico.



Moitas grazas!

Marta Negro Romero
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela